



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezoito de outubro de dous mil dezaseis; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Don Javier Iglesias Sendín. - Non asiste Dona Maria López Touza.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dez de outubro de dous mil dezaseis (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

**CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.-**

Visto o expediente a nome de **DONA PURIFICACION GARCIA LAMAS** con DNI nº 34.943.018-S, con domicilio na rúa Extramuros nº 12, Ribadavia, relativo á subvención para actuacións no 13º Convenio de Actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, na obra sita na rúa Salgado Moscoso nº 5.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 711,77 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Fomento, I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**



A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Axencia de Turismo de Galicia, comunicando a inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma o cambio de titular do Cafe-Bar Plaza, sito na Praza Maior nº 15, a nome de Richard Pierre Barbier.
- Da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, comunicando Resolución de expediente de autorización para a construción do peche dunha finca sita na zona de policía da marxe esquerda do río Avia, no termo municipal de Ribadavia, a nome de Claudina Lira Pousa.

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº8/16.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº8/16, por importe de 119.956,76 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

### **XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº9/16.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº9/16, por importe de 15.779,66 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

### **XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº10/16.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº10/16, por importe de 179.134,20 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

### **XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº11/16.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº11/16, por importe de 22.731,04 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

### **PLAN LOCAL DE INSERCIÓN SOCIO-LABORAL 2016**

O Concello de Ribadavia leva a cabo neste ano 2016 un “Plan local de inserción socio-laboral” para persoas maiores de 54 anos empadroados no Concello.



A necesidade inicial de incidir neste colectivo parte na modificación do Subsidio para maiores de 52 anos do Servizo Público de Emprego a través do Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade. Máis en concreto no que se refire o requisito da idade de acceso a este subsidio aumentando a 55 anos coa a reforma laboral.

Tamén se fundamenta na pirámide poboacional do Concello, obsérvandose unha porcentaxe alta de poboación nesta franxa de idade. Así mesmo a partir desta idade a dificultade de obter un traballo aumenta considerablemente.

Dentro deste Plan valorouse realizar unha vinculación nominal para a elección dos participantes, determinada pola especificidade dos postos de traballo para os que se vai a contratar, así como pola idoneidade dos perfís de risco de exclusión social.

Esta cuestión foi previamente valorada polo equipo multidisciplinario dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello, respetándose en todo caso os principios de obxectividade, igualdade e non discriminación. Así mesmo sinalar que este tipo de contratación nominal vense facendo nos últimos 3 anos para a contratacións persoas perceptoras de RISGA.

Para a avaliación dos perfís o Dpto. de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Ribadavia empregou como fontes de información e metodoloxía os diversos listados dos programas propios desenvolto: de persoas/familias perceptoras do banco de alimentos, persoas incluídas no programa sociolaboral; dos que se obtivo un primeiro resultado de candidatos.

Visto o informe do departamento dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda solicitar oferta con vinculación nominal o Servicio Galego de Colocación co obxecto de cubrir as prazas obxecto do plan de inserción sociolaboral 2016.

#### **XUSTIFICACION DA SUBVENCION CONCEDIDA PARA A PROMOCION DO USO DA LINGUA GALEGA.-**

O abeiro da Orde do 31 de Marzo de 2016, da Secretaria Xeral de Política Lingüística, pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

- 1º.- Prestar aprobación a conta xustificativa da devandita subvención que se adxunta o presente acordo.
- 2º.- Que se cumpriu a finalidade da subvención e toma de razón en contabilidade.
- 3º.- Que non se recibiron outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada.

#### **APROBACION DO PADRON DA TAXA POR ENTRADA DE VEHICULOS A TRAVES DAS BEIRARRUAS E AS RESERVAS DE VIA PUBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCANCIAS DE CALQUERA CLASE.-**



A Xunta de Goberno, por unanimidade, presta aprobación o Padron da Taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercancías de calquera clase, exercicio 2016, por importe de 10.342,60 euros. Así mesmo acordase establecer como período de cobro entre os días 1 de novembro e o 31 de decembro de 2016.

**APROBACION DO PADRON COBRATORIO DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS, INSTALADOS NA FACHADA DE ESTABLECEMENTOS BANCARIOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo aproveitamento especial de terreos de dominio público con caixeiros automáticos, instalados na fachada de establecementos bancarios e con acceso directo dende a vía pública, exercicio 2016, por importe de 14.600 euros. Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 1 de Novembro e o 15 de decembro de 2016”.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo a unha e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



**Concello de Ribadavia**